

Mi vida en la ciudad

Aventuras y desventuras de un pobre galleguiño

BS

Fevereiro d'o 2014m

nunca chego a tempo ao orgasmo
sempre perdo o bus urbano

leo os pais da nosa literatura
e preguntome se eles mesmos
serían conscientes
de que estaban escribindo merda

non atoparás sangue nos nenos desta cidade
e nunca máis os nenos terán sangue
queremos que a máquina faga nenos
nesta cidade sen sangue
nenos, nesta cidade, sen sangue

a herba móvese polas correntes de sangue
e as noticias e as túas meditacións
beben sangue ata vomitar

a velocidade imprégnete de sangue
e o sangue sóbeche á cabeza da máquina
cuxos mecanismos son todos de sangue
mentres as flores con sangue morren

os mozos e mozas son sangue
a letra con sangue non che entra
e os pubs e os bares e as vías de servizo
quéimanche moi fondo no sangue

afógaste en sangue,
tragas sangue
coses outra pel que pegas no teu sangue
e nunca conseguirás enganarte
por máis que queiras
nunca terás sangue azul

por moito que te negues
e non queiras velo ou che doia
o sangue aínda ten razón
só o sangue hoxe
segue a ser vermello e a saír da esquerda
mentres ti esperas un taxi, descalzo,
cos pés cheos de sangue
a ver se dunha puta vez podes escapar da cidade
e pensas que a culpa é do sangue
e non do coitelo

os goles en campo contrario
valen dobre

por iso ten tanto mérito que
unha persoa co graduado escolar
ligue
unha noite en Apolo

vinlle a cara á morte,
vinlle a cara a Ferrín,
a poesía é bonita,
pero hai que ter coidado coas venéreas

así que tes
os ollos verdes os ollos negros cicatrices na cara o lombo
arrasado tes sol no padal tes os brazos desnudos tes un cu
precioso ou o embigo nas orellas tes a cara nas tetas ou igual
tes dezaseis anos ou pode que teñas un bmw un gato persa un
libro de manuel cortés ou igual tes tarxeta de socia do corte
inglés de cortes nas ingles de cortes cunha máquina de afeitar
pasada polas ingles igual tes un luns azul ou un vodka negro con
kas de laranxa igual tes moita fame e ganas de durmir sobre as
estrelas
estou seguro
tes xusto o que estaba buscando

algún día,
alguén pensará exactamente igual ca min
nese momento,
comezarei a levarme a contraria

ao meu redor todo é unha illa
e procuro beber todo o que me naufraga
pero a merda aquí é algo transparente,
a merda aquí é algo psicolóxico
non quero pensar no que pode vir cando pase este segundo
ou exhale ou me caia o mundo enriba
non quero pensar
non quero PENSAR
not even pensar,
non sei nada e vou morrer sen saber nada
o meu pixama é a túa pel de galiña
a música aínda non ha rematar
todo en orde, sigo tendo
a cabeza onde ma puxeron
seguen caendo tronos
a merda sigue aí
afundámonos
pois

liberdade de explosión
o fume abrazando nenos abrazando morais
as mazás coas mazás ásperas coa lingua de fóra
esta non vai ser a vitoria

A VITORIA

e non ha

pero fáloche da luz (da luz)

e non de follar (de follar)

que si quere unha mestura ou un debate

que se mostre cos panos molladosoutra vez que nos

parta a cara

outra vez

non paro nin comezo

outra vez

o sol

a WWE

os cromos de Ronaldinho

o amigo de Harry Potter

ron cola

JOIN THE REVOLUTION

FOLLOW US ON INSTAGRAM

vistes tan mal
que morro por desnudarte

mata máis xente o tabaco
que a loita armada
eu digo que son as túas fotos todas de pé
porque viaxo sempre nos meus zapatos
e ruxíndolle á noite falo de bandeiras
sen liberdade, con explosión, non agardo nada
só quero
pasar a noite contigo

Lingua Galega e Literatura

Nome do alumno: Benito Soto

Curso: 2º BAC B

Data: 18-2-2014

Comentario de texto acerca do poemario “Mi vida en la ciudad”

Neste conxunto de poemas, o autor pretende mostrarnos unha visión da súa vida de estudante universitario na cidade de Compostela, un tema moi recorrente na literatura galega dende as súas orixes. Podemos atopar antecedentes desta obra no mesmísimo Martín Códax, que xa dixo nunha das súas cantigas máis famosas: “*ondas do mar de Vigo/ veño de Compostela/ veño cargado de viño*”.

Seguindo este tópico tan xeneralizado da poesía galega, o autor pretende xustificar que é mellor que o resto de seres humanos, ademais de que é o candidato perfecto para presidir a AELG nun futuro, xa que ten a increíble habilidade de non dicir absolutamente nada durante páxinas e páxinas.

No conxunto da obra non atopamos ningún tipo de forma concreta, métrica ou rima, que fagan ver un dominio da *ars literaria* do autor. Pola contra, dedícase a insultar a diversos colectivos minoritarios e minorizados, como o de presidentes da RAG, ou o de xente con estudos capaz de ligar unha noite en Apolo. Isto non só nos demostra que a súa poesía é unha merda, senón que a súa alma non é moito mellor.

Faise evidente a través deste poemario, pois, a máxima de que en Galicia hai máis poetas que poesía, o cal non deixa de ser preocupante, e nos fai botar a vista atrás, estremecidos, e preguntarnos que fixo mal unha sociedade que nos 80 bailaba ao son de Cindy Lauper e Culture Club, para acabar estudando a Miguel Anxo Fernán Vello como referente da lírica patria.

Na miña opinión, os rapaces e rapazas que se vexan tentados a sucumbir ao acto de escrita poética, xa sexa para acadar un maior prestixio social, ou simplemente para proxectar toda a súa frustración sobre os seus conxéneres, deberían reflexionar seriamente e valorar se o que están a piques de facer contribuirá á creación dun mundo mellor. Normalmente, a resposta será negativa, e, polo tanto, apartando aos mozos e mozas deste nefasto vicio, eliminaremos o mal dende as súas raíces.

Como conclusión, direi algo aplicable a novos e vellos, a homes e mulleres, a reintegracionistas e isolacionistas, e a calquera dualidade que poda ocorrérsenos:

“Con vontade, apoio e determinación, da poesía tamén se sae”

Nota do autor: Este comentario de texto, por moito que pareza o contrario, é totalmente verídico. Calquera nome, situación ou parecido coa realidade é totalmente intencionado.

